



OUTONO NA RIBEIRA SACRA

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: variable
Dificultade: baixa
Duración: unha xornada (mínimo)


O outono desperta na Ribeira Sacra coa vendima, coa culminación de meses de traballo, dun traballo do que só a autosatisfacción, o amor á terra e o respecto ás tradicións parecen xustificar o esforzo que conleva: encostas case verticais, socalcos sen máis espazo que o mínimo necesario para que as cepas poidan desenvolverse, parcelas de dimensións reducidas e difícil acceso, aínda que nos derradeiros tempos xa melloraron moito, e a forza do sol e a seca castigando ás plantas e aos cultivadores.

Unha paisaxe agreste, rochosa, difícil, domesticada pola forza e a imaxinación da xente nas abas solleiras; e silvestre, primitiva e invariable onde, aparentemente, non se lle puxo man. humana, humanizada. Vides e viñas coidadas con tanta dedicación e tanto esmero que por veces un, observador e alleo, dubida se son cultivo ou decoración: non hai unha folla de máis nin un acio sen a súa ración de sol, non se ve nin unha mala herba que distraia a liña da mirada, que goza admirada da perfección. Uns viñedos que gabean cada día máis, e máis modernizados, e máis extensos, polas abas solleiras dos canóns do Miño e do Sil, revitalizando espazos que estaban hai uns anos botados á perda e que neste intre permiten agoirar un futuro de vida para moitos dos lugares do contorno.

E pasada a vendima, antes de perder a folla, cada caste vístese coa súa cor e cobren as paredes de vermellos purpúreos e amarelos dourados, unha festa de cores que se completa cos das árbores; bidueiros, salgueiros, carballos e castiñeiros que compiten con elas desde as abas sombrizas.

COMO CHEGAR:

Para gozar de toda esta fermosura podemos facer moitos percorridos. Neste caso propoñemos seguir as estradas e pistas que máis se achegan á ribeira dos ríos Miño (desde Belesar, en Chantada) e Sil (desde Sober). Podemos contemplar as espectaculares paisaxes dos canóns desde algún dos miradores ou baixar ata algún dos embarcadoiros, facer un paseo en algún dos barcos ou botarnos a andar por calquera dos camiños que discorren entre as viñas. Ou aproveitar para visitar algunha das igrexas románicas máis primitivas que se atopan neste contorno.



Viñedos e pequenas adegas na baixada a Belesar.




As vides expesan o esmero da man do viticultor. O froito das viñas, separado por castes, emprende o camiño da adega.

A DENOMINACIÓN DE ORIXE RIBEIRA SACRA

Os viños da Ribeira Sacra teñen sonda desde tempos antigos. Xa foron degustados polos romanos e perfeccionados polos monxes dos numerosos mosteiros que se atopan nesta zona. Sufriron a crise da filoxera e, despois dunha época de esmorecemento volven a rexurdir nos últimos tempo acollidos e promocionados pola Denominación de Orixe Ribeira Sacra, desde 1996. Estes viñedos producen caldos de excelente calidade entre os que destacan os godellos (brancos) e os mencias (tintos).



Rail e carriño para o carrexo das uvas no Canón do Sil en Amandi (Sober). Os viticultores solventan con enxeño e a aplicación de novas técnicas as dificultades que lles impón a natureza.



Vendima en Belesar. A dificultade do terreo segue a facer necesario o emprego de embarcacións para o transporte das uvas.



Vista do canón do Sil desde o miradoiro da Ribeira Sacra en Sober.



Socalcos e muras. O traballo de séculos segue a protexer os froitos de hoxe.



Nas proximidades de Belesar aínda se poden atopar algunha das barcas tradicionais que transportaban materiais para as viñas e o froito da vendima ás adegas.

